



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA O DÍA MARTES 1 DE SETEMBRO DE 2026.

De acordo co previsto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o 49º do Regulamento orgánico municipal e no Decreto deste Alcalde número 475/2023, do 3 de xullo,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria da **Xunta de Goberno Local** para:

- ➔ Día: martes 1 de setembro de 2026.
- ➔ Hora: 09,00.
- ➔ Lugar: Salón da Alcaldía da Casa do Concello.

Coa seguinte orde do día:

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 18 DE AGOSTO DE 2026.
2. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "REHABILITACION DE VIAL EN POUSADA (CARCACÍA)", POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, FINANCIADO CO POS+ AD 2/2024, EXPTE. NÚM. 15/2026-OB-PAS, 2026/C003/000007.
3. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "REHABILITACIÓN DE VIAIS NOS NÚCLEOS DE PRADA E A PICARAÑA", POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, FINANCIADO CO POS+ AD 2/2024, EXPTE. NÚM. 16/2026-OB-PAS, 2026/C003/000009.
4. CORRECCIÓN DE ERROS NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, NA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 21 DE XULLO DO 2026 DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA "MELLORA DE VIARIO DE CAMBELAS A ROMARÍS", POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, FINANCIADO CO POS+ 2024, EXPTE. NÚM. 12/2026-OB-PAS, 2026/C003/000005.
5. COMUNICACIÓN DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA PARA BAR SITO NO LUGAR DE PONTE MEANA, A ESCRAVITUDE, CON DENOMINACIÓN COMERCIAL "FURANCHO LEMBRANZA".
6. COMUNICACIÓN DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA PARA BAR SITO NA RÚA CASTELAO Nº 21, BAIXO, CON DENOMINACIÓN COMERCIAL "O ESPOLÓN".
7. COMUNICACIÓN DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE DE ALBERGUE CON DENOMINACIÓN "A BARCA DE PEDRA" SITA NA RÚA VIDAL CEPEDA Nº 6.
8. AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL_JRVD.
9. AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL_MT.
10. AXUDA EMERXENCIA SOCIAL_JAMP.
11. AXUDA EMERXENCIA SOCIAL_DJGM.
12. AXUDA EMERXENCIA SOCIAL_MDEP.

13. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO CONTRATO MENOR SERVIZO CONCILIA DESPERTARES 2026-2027.

14. ROGOS E PREGUNTAS.

Segundo. Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello (www.padron.gal), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas membros da Xunta de Goberno Local poñendo á súa disposición todos os asuntos incluídos na orde do día no Portal de Cargos Electos accesible dende a sede electrónica do Concello de Padrón (<http://sede.padron.gal/>), coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca